


Pensado para ti

Consulta a túa información personalizada, obtén informes e tramita durante as 24 horas do día. Accede cando queiras e desde calquera dispositivo.

Como ti queres: sen papel, sen esperas, áxil e de forma sinxela.

Entra directamente a portal.seg-social.gob.es ou a través deste código:



Tamén podes acceder desde a SEDE electrónica, a web ou a app da Seguridade Social:



Se precisas axuda:

Axudámosche



Consulta na páxina web da Seguridade Social o asistente virtual ISSA ou contacta connosco de luns a venres de 8.30 a 18.30 h.

901 50 20 50
91 541 02 91

Síguenos en Twitter @info_TGSS



Importass, portal da Tesorería da Seguridade Social

A túa información actualizada e no intre

Entra na túa área persoal e consulta a túa situación actual. Descarga os teus informes de vida laboral e bases de cotización de forma segura, sinxela e cando o precises.

NIPO: 124-22-014-1

Como acceder á túa información

Entra en Importass, portal da Tesorería, desde portal.seg-social.gob.es ou a través do código:



Tamén podes acceder desde a sede electrónica, a web ou a app da Seguridade Social:



En Importass podes consultar e descargar a túa vida laboral, bases de cotización e outros informes, realizar os teus trámites se es autónomo ou tes unha persoa empregada de fogar, coñecer e pagar as túas débedas ou consultar e modificar os teus datos persoais.

Identifícate na túa área persoal coa **CI@ve, un certificado electrónico ou vía SMS**. Se non dispós destes medios de identificación, podes solicitalos ou comunicar o teu teléfono móbil a través do **servizo enviar unha solicitude**.

Ademais, poderás consultar o estado da túa solicitude ou completala se tes que engadir información adicional.

Vida laboral e bases de cotización

Agora, accedendo á túa área persoal, podes consultar en liña os detalles da túa **vida laboral e as túas bases de cotización**.

A túa vida laboral

Verás os teus períodos de alta e baixa na Seguridade Social, as empresas nas que traballaches, a túa actividade como autónomo e o número de días que estiveches en alta.

As túas bases de cotización

Consulta o importe das bases de cotización que se terán en conta para as túas prestacións.

Podes filtrar os resultados, descargar en calquera momento o informe completo ou adaptado á información que precises. Ademais, se detectas erros, solicita a incorporación ou corrección de datos.

Se non tes identificación dixital, podes solicitar o envío destes informes ao teu domicilio. Asegúrate de que está actualizado na Tesorería da Seguridade Social.



A túa situación actual na Seguridade Social

Se es traballador por conta allea, verás o detalle dos datos da relación coa túa empresa: xornada, tipo de contrato, grupo de cotización, convenio colectivo e a túa entidade aseguradora. Ademais, tes a información sobre a cota que aboas á Seguridade Social cada mes e o importe que cotiza por ti a empresa.

Se traballas por conta propia, podes visualizar o detalle dos teus datos sobre traballo autónomo relacionados coa túa alta, a túa actividade, a cota que pagas, a entidade aseguradora e as túas coberturas.

Os teus avisos e comunicacións

Se a túa empresa por algún motivo anula a túa alta na Seguridade Social, avisámoste. Tamén te informamos se tes unha débeda para que te poñas ao día.